


# OPTOTIPO ADULTO WECKER



**Clasificación:** Equipamento da "Casa do Médico"

**Datación:** 1970-1980

**Material:** Caixa metálica, metacrilato e instalación eléctrica.

**Medidas:** 45 x 36 x 11cm

**Firmas/Marcas:**

**Uso/Función:** O optotipo é un panel que contén letras, números, símbolos ou figuras de diferentes tamaños e que serve para determinar a **agudeza visual** do paciente segundo os elementos que sexa capaz de visualizar dende certa distancia.

A agudeza visual é a capacidade para identificar obxectos ou detalles dos mesmos con boas condicións de iluminación. Unha persoa pode ser capaz de ver unha letra pequena perfectamente, mentras que outra persoa á mesma distancia non é capaz de identificala. A primeira persoa ten maior agudeza visual cá segunda.